

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/11	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	08 de abril de 2021
Duración	Dende as 13:45 ata as 13:51 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SI

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 18.03.2021

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 18 de marzo

Concello de Silleda

de 2021.

Expediente 563/2021. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 563/2021

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 563/2021. Procedemento Xenérico

Vista a traxectoria do deportista silledense Christian Costoya Sanabria, representado polo seu proxenitor, D. Marcos Costoya, e as súas posibilidades de destacar dentro do mundo deportivo do motor a nivel internacional

Visto que é tarefa e obxectivo desta entidade local axudar ao citado deportista a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas como o campionato de España de Karting, e nos campionatos WSK Euro Series, WSK Oper Cup, e WSK Champions Cup

Vista a promoción do Concello de Silleda que se realizará nas carreiras e probas internacionais nas que participe o citado deportista

Visto o apoio a través do convenio asinado en anos anteriores

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

A Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo

-APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA QUE SE TRANSCRIBE A CONTINUACIÓN :

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E O DEPORTISTA CHRISTIAN COSTOYA SANABRIA



En Silleda a ____ de ____ 2021

REÚNENSE

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando no seu nome e representación do Concello de Silleda.

Doutra parte, Marcos Costoya Castro, DNI 44832524 G, como representante legal do menor Cristian Costoya Sanabria.

Dando Fe, a Secretaria Xeral da Corporación, Maria Fernanda Montero Parapar

As partes recoñécense a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

Dada a traxectoria do deportista e a súa posibilidade de destacar dentro do mundo deportivo do motor, consideramos que debemos axudar a asumir os custes que supón para esta familia silledense o feito de asistir as carreiras necesarias para estar presente en probas internacionais comoa a WSK Euro Series, WSK Open Cup, WSK Champions CUP 2021 ou o Trofeo Andrea Margutti, entre outros.

Todas estas participacións supoñen un custo de 44.000 euros, que sen dubida son difíciles de asumir a nivel particular, incluso pese á cooperación de patrocinadores particulares.

Tendo en conta o interese de fomento do deporte, que debe realizarse non so a nivel de deporte base senón tamén a nivel de competición xa que este contribúe a súa vez ao interese no deporte consideramos necesaria a participación do Concello, coa finalidade de promocionar un deportista a nivel nacional e inclusive internacionalmente.

A finalidade deste convenio e axudar na financiación dos custos que supoñen para o deportista poder participar nas diferentes carreiras para poder alcanzar o obxectivo de posicionarse nun nivel significativo no mundo do deporte automobilístico.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 241-48 (Fomento do Deporte) por importe de 15.000 euros.

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza



O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o exercicio 2021 (Base 57), con cargo á partida 241.48.

Sexto.- Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e o deportista Christian Costoya no fomento do Deporte silledense e na imaxe do Concello de Silleda en relación co deporte.

2.- Obrigacións e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 15.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.- Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) da Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar a correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)



O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 5.- .Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- 6.- Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido.

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1. Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.
2. Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.
3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.
4. Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
5. Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.



1. O Concello de Silleda , terá a consideración de patrocinador institucional do deportista Christian Costoya Sanabria, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio.

2. Presenza en actos oficiais

O deportista Christian Costoya Sanabria , a través do seu representante legal : Marcos Costoya Castro, con DNI 44832524 G, comunicará e convidará aos representantes do Concello de Silleda, a calquera acto promocional ou protocolario organizado polo Patrocinado, tales como competicións, actos de difusión, etc., facilitándose as invitacións ou acreditacións necesarias para o Acto.

3.- Publicidade en presentacións

O deportista garantirá que o Concello de Silleda , teña presenza publicitaria nas presentacións e actos públicos que leve a cabo, facendo mención do patrocinio oficial da citada entidade municipal en cantas entrevistas, presentación, roldas de prensa ou similares convóquense.

4.- Accións publicitarias.

O deportista Christian Costoya Sanabria (o seu representante legal_ Marcos Costoya Castro, DNI 44832524 G) , publicitará a marca “Silleda ” na indumentaria que vista en todas as competicións na que participe durante o ano natural de 2021 .

O deportista Christian Costoya Sanabria exhibirá unha placa na súa sede, en lugar visible na que apareza o logotipo do Concello de Silleda coa lenda “Concello de Silleda Patrocinador Oficial”.

5.- Material Promocional.

Así mesmo, o deportista Christian Costoya Sanabria publicitará á marca CONCELLO DE SILLEDA , en calquera acción publicitaria levada a cabo polo patrocinado, tanto anuncios en medios de comunicación (prensa e televisión) como en calquera elemento

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polo Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en lugar e data indicados no encabezamento.

Marcos Costoya Castro
Representante do menor

Manuel Cuiña Fernández
Alcalde Concello de Silleda

A secretaria
Maria Fernanda Montero Parapar

Expediente 142/2021. Cancelación e Devolución de Garantía

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 142/2021

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 142/2021. Cancelación e Devolución de Garantía

En data 14/06/2019 con RE 2449 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída por ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. con C.I.F. B-36,563,823 para responder do contrato de REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA.

Visto que mediante escrito de data 01/02/2021, Rexistro de Entrada 2021-E-RE-66 o director da obra Abraham Castro Neira certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 05/06/2015 e que con data 29 de xaneiro de 2021 efectúase visita de comprobación ao lugar das obras; e segundo as características organolépticas que presentan as mesmas obsérvase que as obras se atopan en correcto estado de conservación sen que se aprecien patoloxías achacables a unha mala execución. Igualmente efectúase visita de comprobación tras a posta do sol para así corroborar o bo estado das luminarias instaladas. Obsérvase que están en correcto estado de funcionamento.

Que a conclusión do informe anteriormente mencionado sinala que efectuadas as comprobacións oportunas, considérase, en consecuencia, que se debe proceder á devolución da fianza correspondente ás seguintes obras: Rehabilitación superficial e creación de senda peonil no lugar de



Vilanova, por un importe de 4.566,10€ €.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Tendo en conta que segundo o artigo 298 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, terminado o prazo de garantía sen que a Administración houbera formalizado algún dos reparos ou a denuncia da existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

Considerando que o art. 102.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos establece que o acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, a adopción do presente acordo:

Primeiro.- Aprobar a devolución da fianza depositada por ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. en data 28/11/2014, por importe de 4.566,10 euros, en garantía do correcto cumprimento do contrato de REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 1018/2020. Certificados ou Informes Urbanísticos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1018/2020

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 1018/2020. Certificados ou Informes Urbanísticos

ANTECEDENTES

Por Fernando Gómez Folla, con DNI número 52481102R, presentouse escrito o 03/07/2020, con rexistro de entrada 2216/2020, polo que se solicita licenza para a agregación e segregación en unidade de acto das parcelas 627 (RC 36052L506006270000BR) e 628 (RC 36052L506006280000BD) do polígono 506, no Agro da Fonte, parroquia de Taboada, no termo municipal de Silleda.

Consta memoria técnica de agregación e segregación asinada polo técnico David Cerdeira Canicoba, Enxeñeiro Agrónomo, colexiado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia con número G862,

Consta no expediente informe do técnico municipal César Pereiras Cambón de data 07/10/2020 favorable a actuación, con indicación das deficiencias observadas na documentación presentada.

En data 02/11/2020 emítese informe de Secretaría número 30/2020 no que se expón que na documentación presentada polo interesado non é formalmente a correcta, procedendo a realización dun requirimento.

Realizado requirimento en data 02/11/2020 con número de rexistro 785, o interesado presenta unha nova memoria e a autorización do Servicio de Infraestruturas Agrarias en data 29/12/2020.

En data 07/04/2021, a Secretaría da Corporación emite informe número 29, no que propón o desistimento da solicitude ao entender que o interesado non cumpriu correctamente o requirimento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- TÍTULO HABILITANTE PREVIO.

Os actos de referencia están suxeitos a previa licenza urbanística, de conformidade co disposto no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro. “Las parcelaciones, segregaciones u otros actos de división de terrenos en cualquier clase de suelo, cuando no formasen parte de un proyecto de reparcelación”.

É obxecto da memoria presentada, tal e como se define, a agrupación de dúas fincas e a súa posterior división en unidade de acto.

As fincas identifícanse coas seguintes referencias catastrais: 36052L506006270000BR 36052L506006280000BD, declarando que a súa superficie é de 9.548 y 3.057 m² respectivamente

SEGUNDO.- PROCEDIMIENTO A SEGUIR E REQUISITOS FORMAIS.

O procedemento para o outorgamento das licenzas atópase regulado no artigo 143 da LSGA.



As solicitudes de licenzas deberán presentarse polo promotor dos actos de edificación e de uso do solo ou do subsolo que se pretendan realizar con anterioridade ao inicio dos mesmos.

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda. En ningún caso entenderanse concedidas por silencio administrativo en contra da ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para o outorgamento das licencias correspóndelle por delegación da Alcaldía á Xunta de Goberno Local.

3. Para o outorgamento da licenza serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

4. As peticións das licenzas resolveranse nun prazo de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

5. Segundo o establecido no artigo 355 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, “a solicitude de licenza de parcelación deberá achegar un proxecto de parcelación suscrito por técnico competente, que incluíra:

- Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao plan urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e fincas.

- Proforma do documento público ou privado no que se reflita a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.

- Plano de situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.

- Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica representativo dos lotes propostos.

- Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.

- Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.

La resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes”.

O artigo 355 do RLSG ao regular os supostos específicos no procedemento de outorgamento de licenzas fai referencia expresa ás LICENZAS DE PARCELACIÓN.

Na Sección 6ª, Parcelacións, do capítulo II, Intervención na edificación e uso do solo, do Título V



Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística, do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, regúlanse distintos tipos de parcelacións diferenciando entre: parcelacións urbanísticas, segregacións e outros actos de división do solo.

Deste xeito, pódese entender que cando o artigo 355 fai referencia ás licenzas de parcelación, e non so de parcelación urbanística, é porque a súa intención é establecer unha documentación mínima para todo tipo de división do solo.

Polo tanto, a documentación do artigo 355 do RLSG debe esixirse no caso de solicitarse unha licenza urbanística de parcelación, entendendo por parcelación segundo o exposto, ás parcelacións urbanísticas, ás segregacións ou división de terreos, ou ben naqueles casos nos que se solicite a declaración de innecesiedade da licenza urbanística de parcelación.

TERCEIRO.- AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.

O deber de solicitar e obter licenza non exclúe a obriga de obter cantas autorizacións sexan legalmente esixibles polos distintos organismos da Administración, no podendo o Concello outorgar a licenza sen a previa autorización se fose o caso.

Segundo o establecido no artigo 72 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, “finalizada a reestruturación, so será válida a división ou segregación de fincas de reemplazo: cando se trate de disposicións a favor de titular de fincas de reemplazo lindeiras, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, tanto a finca de reemplazo que se divide ou segrega como a lindeira manteñan o tamaño mínimo para que a explotación sexa economicamente viable, xustificándose isto mediante o correspondente informe técnico de quen o autorice. Neste caso, a división ou segregación haberá de ser informada favorablemente polo servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural.

Consta no expediente autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 18/12/2020.

CUARTO.- CLASIFICACIÓN E CALIFICACIÓN DO SOLO.

O Concello de Silleda conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.



Segundo informe emitido polo técnico municipal as fincas obxecto da operación solicitada son o resultado dun proceso de concentración parcelaria.

QUINTO.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE Á ACTUACIÓN SOLICITADA.

No artigo 367 do Regulamento da Lei do Solo establécese con carácter xeral a prohibición de realizar segregacións en solo rústico, permitíndoas só nos supostos de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Estando permitidas, sen embargo, sempre que a súa finalidade sexa a de reorganizar a propiedade, e coa condición de que non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente existente.

En todo caso, respectarase a superficie mínima e indivisible que determine a lexislación agraria (DECRETO 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia).

SEXTO.- REQUIRIMENTO EFECTUADO AO INTERESADO.

No informe emitido pola Secretaría da Corporación en data 02/11/2020, número 30/2020, expónse que o interesado “solicita a agregación de dúas fincas, formando unha parcela cunha superficie de 12.605 m², operación que non precisa de autorización polo Concello, para despois segregalas formando novamente dúas fincas.

A actuación tal e como a propón o interesado non é viable xuridicamente, dado que se está solicitando a división dunha parcela de 12.605 metros cadrados, cando o que a lei permite e simplemente reorganizar, deste xeito a solicitude deberase plantexar como unha operación de reorganización da propiedade non de agrupación para a súa posterior segregación, porque una vez que se agrupen as dúas parcelas, a segregación posterior incumpriría o requisito de que non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinario, posto que o orixinario xa sería unha (ao haberse agrupado as actuais)”

Deste xeito no informe conclúese que procedía realizar o un requirimento para a emenda da solicitude polo interesado nos seguintes termos:

· Deberase solicitar licenza de segregación de finca para reorganizar a propiedade, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do artigo 367 do RLSG.

o Consta presentada de novo a memoria co título “Memoria para segregación de finca para reorganización de parcela”. Sen embargo a solicitude segue sendo de agregación e segregación en unidade de acto. Sen embargo no documento séguese indicando o mesmo, que se trata dunha agregación e segregación en unidade de acto.

O artigo 367 do RLSG permite as segregacións en solo rústico coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente.

O interesado propón a agrupación de dúas parcelas, pasando a unha e posteriormente a súa segregación converténdooas novamente en dúas fincas independentes. Non se trata de agrupar dúas

parcelas senón de modificar os seus lindes co fin de reorganizar a propiedade.

· Deberase aportar autorización do servizo provincial competente en materia de desenvolvemento rural, de conformidade co disposto no artigo 72 da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

o Consta no expediente autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 18/12/2020.

· Deberase aportar a seguinte documentación en cumprimento do disposto no artigo 355 do RLSG:

o Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao plan urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e fincas.

- A memoria presentada polo interesado non recolle nin sequera a xustificación do cumprimento da normativa urbanística, non identifica a clase de solo, nin o uso das parcelas. Deberase xustificar a viabilidade da reorganización da propiedade.

Na nova documentación aportada indica o interesado que as parcelas teñen un uso agrícola, e que o solo no que se sitúan está clasificado como solo non urbanizable normal, non sendo correcto.

o Proforma do documento público ou privado no que se reflicta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.

o Consta a proforma aportada.

o Plano de situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.

o Consta plano denominado polo interesado de situación sen referencia rexistral. Este non é un plano de situación.

o Plano parcelario da finca mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica representativo dos lotes propostos.

o Non consta.

o Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.

o Non consta.

o Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.

Constan as fichas descritivas.



Polo exposto, e en virtude do informe de Secretaría de data 07/04/2021, a Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Entender desistido ao interesado da súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por incumprir o requirimento formulado en data 02/11/2020, polos motivos expostos no presente acordo, procedendo ao arquivo do procedemento.

Segundo. - Notificar ao interesado a presente resolución.

Expediente 562/2021. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 562/2021

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 562/2021. Procedemento Xenérico

Vista a intensa labor cultural que realiza a Asociación Cultural Banda de Música municipal de Silleda

Visto o programa presentado pola entidade para 2021 e o traballo didáctico que vén desenvolvendo nos últimos anos a través da Escola de Música de Silleda

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura

Visto o informe de Intervención que obra no expediente

A Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

-Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda para o ano 2021, cun importe de 20.000 euros, que se transcribe a continuación:



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

En Silleda, a _____ de _____ de 2021

Dunha parte, D. Manuel Cuiña Fernández, actuando como Alcalde-Presidente no seu nome e representación do Concello de Silleda, con CIF 3605200-I

Doutra parte, José Herminio Gómez Frade, como representante legal e en calidade de Presidente da Asociación Cultural Banda de Música Municipal de Silleda, con CIF G-36266682

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, María Fernanda Montero Parapar

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Municipal de Silleda é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas. Así mesmo, a Banda tense convertido nun dos mellores embaixadores do municipio, ademais de ser a entidade promotora dunha das iniciativas con máis éxito no eido cultural: a creación da Escola de Música Municipal, hoxe con máis de 200 alumnos e alumnas.

Atesourando máis de 125 anos de historia, a Banda de Música Municipal de Silleda vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados (Día da Música ou o Concerto de Nadal) e que reúnen a milleiros de persoas. A súa exitosa participación en eventos máis recentes como o Certame de Bandas de Música de Valencia, ou no Festival Intercéltico de Lorient (Francia), súmanse á exitosa traxectoria da Banda, que logrou tamén implicar á veciñanza de Silleda cos seus novos proxectos.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a Banda de Música Municipal de Silleda supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación, rondando os 70.000 euros.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda para 2021 por importe de 20.000 euros (vinte mil euros).



Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa aprobada nos orzamentos municipais do Concello de Silleda para o ano 2021 (Base 57) con cargo á partida 334.48

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda, no ámbito da promoción e dinamización cultural

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 20.000 con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) da Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes firmantes.



5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.



que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6.- Acreditar con anterioridade a dictarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 16 de novembro de 2020 ata o 31 de decembro de 2021)

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

Facturas reglamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, co desglose de cada un dos gastos nos que incorra.

3. Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúa xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda , terá a consideración de patrocinador institucional da Banda de Música Municipal de Silleda, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

12.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguemento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que poidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexirán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en lugar e data indicados no encabezamento.

José Herminio Gómez Frade
Presidente da Banda Municipal de Silleda

Manuel Cuíña Fernández
Alcalde Concello de Silleda

A Secretaria
María Fernanda Montero Parapar

Expediente 546/2021. Licenzas de Ocupación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 546/2021

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día de



presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 546/2021. Licenzas de Ocupación

Vista a solicitude presentada por Esther Montouto García, en data 30/03/2021 (RE 289), de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre e na vía pública anexas a establecementos abertos ao público. Achégase copia da licenza de actividade para o establecemento denominado Bodegón Esther, na rúa Outeiro, número 10 baixo do Concello de Silleda, outorgada por acordó da Xunta de Goberno Local, en data 26/02/2004.

Contando informe do arquitecto técnico municipal emitido en data 07/04/2021.

Visto o informe de Secretaría número 30/2021, de data 08 de marzo, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO.- Conceder a Esther Montouto García con DNI número 76808221C licenza para a instalación de terraza exterior anexa ao establecemento aberto ao público denominado Bodegón Esther, sito na rúa Outeiro, número 10 baixo do Concello de Silleda, que conta con licenza de actividade outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local, en data 26/02/2004.

SEGUNDO. Outorgar licenza de ocupación do espazo público existente na parte traseira do establecemento denominado comercialmente como Bodegón Esther sito na rúa Outeiro, número 10 baixo do Concello de Silleda, a Esther Montouto García con DNI número 76808221C para a instalación dunha terraza ou velador, na que se colocarán: 9 meses coas súas correspondentes cadeiras, ocupando unha superficie de 14,60 metros de longo, por 2,50 m de ancho, o que fai un total de 36,50 m², sen que en ningún momento invádase o espazo reservado para a circulación de vehículos. Deberase respectar a distribución presentada en plano anexo a solicitude.

Durante a situación de crise actual provocada polo COVID-19 permitirase que a ocupación se estenda pola fronte do establecemento contiguo.

TERCEIRO. O prazo de duración da autorización para a ocupación do dominio público será dun ano sen prexuízo da súa renovación expresa por outros períodos de tempo ao esgotarse a autorización inicial. Procederá a revogación ou anulación da autorización nos casos e polos procedementos legalmente previstos, especialmente no caso de incumprimento reiterado das obrigacións establecidas expresamente no acordo de autorización.



CUARTO.- A taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial da vía pública con postos de barracas, casetas de vendas, espectáculos, atraccións u recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario non será exigible ata a finalización do exercicio económico 2021, exclusivamente e de maneira excepcional como consecuencia da crise do Covid-19.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada con indicación dos recursos que procedan, facendo expresa mención de que o Concello se reserva as potestades de comprobación, control e sanción en relación co correcto cumprimento dous termos dá licenza. E comunicándolle ao interesado os seguintes deberes en relación á ocupación do dominio público:

- Respetar o obxecto da autorización.
- Manter en bo estado a porción de dominio público ocupado, así como perfectamente limpa unha área de tres metros circundantes.
- Esta licenza poderá ser revogada por razóns de interese público. Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevindas de urbanización, de implantación, supresión, modificación de servizos, celebración de actos públicos ou privados ou calquera outra de interese público, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida e en xeral sen dereito a indemnización, pois en sentido estrito non é máis que un acto de tolerancia por parte da Administración.
- Deberá de manter as instalacións en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento, podendo obrar contra os autores dos danos de acordo coa normativa correspondente.
- Responderá de todos os danos e prexuízos que a instalación ocasionen aos bens ou dereitos públicos ou privados, subscribindo para o efecto o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
- O Concello viviará a través do seu persoal, especialmente a través da Policía Local, o mantemento da instalación en condicións óptimas e prestará a súa protección como ao resto do mobiliario urbano colaborando co titular para a persecución dos causantes de danos.
- A instalación deberá de colocarse de maneira que non perturben a libre circulación de peóns e vehículos, nin poidan ocasionar danos a persoas, á vía pública, a árbores ou a instalacións. Tampouco se poderá colocar en lugares onde poidan prexudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade dos viandantes.
- A autorización de ocupación do dominio público poderase extinguir:
 - Por el transcurso del plazo.
 - Por renuncia del titular.
 - Por sanción.
 - Por desafectación del bien.



- Por revocación de la concesión.
- Por resolución judicial.

Expediente 482/2021. Licenzas de Actividades e Espectáculos Públicos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 482/2021

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de marzo de 2021.

Expediente 482/2021. Licenzas de Actividades e Espectáculos Públicos

Vista a solicitude presentada por José Civeira Blanco, en data 23/03/2021 (RE 240), de licenza para a instalación de terrazas ao aire libre e na vía pública anexas a establecementos abertos ao público. Achégase copia da licenza de actividade para o establecemento de café-bar, sito en Avenida do Parque, número 7 baixo, do Concello de Silleda, outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local, en data 04/07/2008 a favor de Manuel Iglesias Louzao.

Consta no expediente autorización do titular da licenza para a colocación da terraza, aínda que o procedente é requirirle ao interesado a comunicación formal do cambio de titularidade da licenza.

Constando informe do arquitecto técnico municipal emitido en data 07/04/2021.

Visto o informe de Secretaría número 31/2021, de data 08 de abril, a Xunta de Goberno Local, acabeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO.- Conceder a Jose Civera Blanco con DNI número 35255781 R licenza para a instalación de terraza exterior anexa ao establecemento aberto ao público denominado Bar Parque, sito na Avenida do Parque número 7 baixo do Concello de Silleda, que conta con licenza de actividade outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local, en data 04/07/2008 a favor de Manuel Iglesias Louzao.



SEGUNDO. Outorgar licenza de ocupación do espazo público existente na fronte do establecemento denominado comercialmente como Bar Parque sito na Avenida do Parque número 7 baixo a Jose Civeira Blanco con DNI número 35255781 R para a instalación dunha terraza ou velador, na que se colocarán: 6 mesas coas súas correspondentes cadeiras, ocupando unha superficie de 15 metros de longo, por 3 m de ancho, o que fai un total de 45 m², sen que en ningún momento invádase o espazo reservado para a circulación de vehículos. Deberá respectarase o disposto no plano de disposición da terraza achegado xunto coa solicitude.

TERCEIRO. O prazo de duración da autorización para a ocupación do dominio público será dun ano, sen prexuízo da súa renovación expresa por outros períodos de tempo ao esgotarse a autorización inicial. Procederá a revogación ou anulación da autorización nos casos e polos procedementos legalmente previstos, especialmente no caso de incumprimento reiterado das obrigacións establecidas expresamente no acordo de autorización.

CUARTO.- A taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial da vía pública con postos de barracas, casetas de vendas, espectáculos, atraccións u recreo, industrias nas rúas e ambulantes, así como rodaxes cinematográficas eventos ou actividades con fin cultural e gravacións con proveito comercial ou publicitario non será exigible ata a finalización do exercicio económico 2021, exclusivamente e de maneira excepcional como consecuencia da crise do Covid-19.

QUINTO.- Notificar esta resolución á interesada con indicación dos recursos que procedan, facendo expresa mención de que o Concello se reserva as potestades de comprobación, control e sanción en relación co correcto cumprimento dous termos dá licenza. E comunicándolle ao interesado os seguintes deberes en relación á ocupación do dominio público:

- Respetar o obxecto da autorización.
- Manter en bo estado a porción de dominio público ocupado, así como perfectamente limpa unha área de tres metros circundantes.
- Esta licenza poderá ser revogada por razóns de interese público. Cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevindas de urbanización, de implantación, supresión, modificación de servizos, celebración de actos públicos ou privados ou calquera outra de interese público, poderase revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida e en xeral sen dereito a indemnización, pois en sentido estrito non é máis que un acto de tolerancia por parte da Administración.
- Deberá de manter as instalacións en perfecto estado de conservación e limpeza en todo momento podendo obrar contra os autores dos danos de acordo coa normativa correspondente.
- Responderá de todos os danos e prexuízos que a instalación ocasionen aos bens ou dereitos públicos ou privados, subscribindo para o efecto o correspondente Seguro de Responsabilidade Civil.
- O Concello vivirá a través do seu persoal, especialmente a través da Policía Local, o mantemento da instalación en condicións óptimas e prestará a súa protección como ao resto do mobiliario urbano colaborando co titular para a persecución dos causantes de danos.



- A instalación deberá de colocarse de maneira que non perturben a libre circulación de peóns e vehículos, nin poidan ocasionar danos a persoas, á vía pública, a árbores ou a instalacións. Tampouco se poderá colocar en lugares onde poidan prexudicar ou comprometer o tránsito rodado ou a seguridade dos viandantes.
- A autorización de ocupación do dominio público poderase extinguir:
 - Por el transcurso del plazo.
 - Por renuncia del titular.
 - Por sanción.
 - Por desafectación del bien.
 - Por revocación de la concesión.
 - Por resolución judicial.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

